

**PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS DAS SOLICITUDES COMPLETAS E EXCLUÍDAS DO PROGRAMA "REENCONTROS NA TERRA" ANO 2019 (Resolución do 29 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, publicada no DOG nº 74 do 16/04/2019)**

**PAÍS : CUBA**

**Datas da viaxe: do 3 ao 16 de outubro de 2019**

De acordo co disposto no artigo 9.5 da orde da convocatoria, publícase a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas. Enténdense como admitidas aquelas solicitudes que levan a mención "COMPLETA" na columna ESTADO TRAMITACIÓN WEB e todas as demais están definitivamente excluídas, sinalando a base incumprida e o motivo de exclusión nas columnas ART\_PUBL\_WEB e TEXTO\_PUBL\_WEB, respectivamente.

APE	NOM	BENEFICIPEA	ULTIMO ANO DE PARTICIPACIÓN EN VIAXES DA SXE	DATA_NACIMIENTO	APE_CON	NOM_CON	ESTADO TRAMITACIÓN WEB	ART_PUBL_WEB	TEXTO_PUBL_WEB
BAAMONDE LOMBARDEIRO	JULIA	SI	2013	25/08/1951			EXCLUIDA	2.1.5	PARTICIPOU EN PROGRAMA DE VIAXES DESTA SX NO ANO 2013
BAAMONDE LOMBARDEIRO	MARIA DEL CARMEN	SI	2013	01/03/1950	LEON ACOSTA	ROBERTO ELIADES	EXCLUIDA	2.1.5	PARTICIPOU EN PROGRAMA DE VIAXES DESTA SX NO ANO 2013
RAMOS GALAN	JULIO	SI		02/04/1946	<b>BALLESTER PALOMINO</b>	<b>MIRTA BERNARDINA</b>	COMPLETA		<b>SOLO PUEDE VENIR EL TITULAR</b>
RAMOS GALAN	MARIA DEL CARMEN	SI		24/11/1947			COMPLETA		

Artigo 2.1.1	Ser emigrante galego/a.
Artigo 2.1.2	Ter a nacionalidade española.
Artigo 2.1.3	Residir en América de xeito continuado, como mínimo, durante os últimos 10 anos.
Artigo 2.1.4	Ter , cando menos, 65 anos cumpridos na data de finalización do prazo de presentación.
Artigo 2.1.5	Non ter participado nos últimos 10 anos naturais en programas de viaxes a Galicia.
Artigo 2.1.6	Valerse por si mesmas e non padecer trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e estar en condicións de realizar unha viaxe de longa duración, circunstancias que deberán acreditar mediante os correspondentes certificados médicos.
Artigo 2.1.7	Contar co consentimento de familiares ata o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade para que residan con eles se deciden prolongar a súa estada en Galicia.
Artigo 2.1.8	Ter ingresos inferiores a 3 veces o importe das bases de cálculo da prestación económica por anciandade do Ministerio de Emprego e Seguridade Social do Estado español para o ano desta convocatoria, segundo o país de residencia. Se a persoa solicitante convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 % da devandita cifra polo número de persoas que convivan menos unha.
Artigo 2.2	As persoas solicitantes poderán vir acompañadas polas unidas a elas por matrimonio, unión de feito ou relación análoga de afectividade, sempre e cando estas residan en América e cumpran os requisitos establecidos nos puntos 1.5 e 1.6, e presenten a documentación xustificativa.
Artigo 8.1.a)	A documentación acreditativa da identidade e nacionalidade da persoa solicitante.
Artigo 8.1.b)	Documentación acreditativa de se atopar vinculadas cun concello galego no Censo electoral de residentes no exterior, actualizada para o ano da convocatoria.
Artigo 8.1.c)	Documentación acreditativa da residencia en América, do lugar e data de nacemento da persoa solicitante, no caso de que estes datos non estean especificados na documentación anterior.
Artigo 8.1.d)	Nos países en que exista a obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, unha copia da última declaración presentada pola persoa solicitante e/ou os demais membros da unidade económica familiar. No caso de que estea exenta de realizala, unha xustificación oficial desta circunstancia e certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba a persoa solicitante e/ou os demais membros da unidade económica familiar.
Artigo 8.1.e)	Nos países en que non exista a obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba a persoa solicitante e/ou os demais membros da unidade económica familiar.
Artigo 8.1.f)	Certificado médico, segundo o modelo incluído no anexo II, conforme a persoa solicitante é válida por si mesma e non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.
Artigo 8.1.g)	Libro de familia, se procede. Na súa falta, presentárase a documentación xustificativa do matrimonio, da unión de feito ou relación análoga de afectividade e do nacemento do resto de membros da unidade económica familiar.

Artigo 8.1.h)	Documento en que conste se a persoa solicitante é beneficiaria das prestacións económicas por anciandade do Estado español. De non presentalo, entenderase que desiste da aplicación do criterio preferente de selección, sinalado no punto 2 do artigo 10.
Artigo 8.1.i)	Unha fotografía recente, tamaño carné da persoa solicitante.
Artigo 8.1.j)	Consentimento, segundo o modelo do anexo V, asinado polos familiares de ata o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade para que as persoas que así o indiquen na súa solicitude poidan residir con eles durante a súa estada en Galicia, logo de rematar a convivencia no centro residencial dependente da Xunta de Galicia.
Artigo 8.2.a)	Documentación acreditativa da identidade da persoa acompañante.
Artigo 8.2.b)	Documentación acreditativa da residencia en América da persoa acompañante.
Artigo 8.2.c)	Certificado médico, segundo o modelo incluído no anexo IV, conforme a persoa acompañante é válida por si mesma e non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.
Artigo 8.2.d)	Unha fotografía recente, tamaño carné
Art. 68 da Lei 39/2015	Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior e os esixidos no seu caso pola lexislación específica aplicable, requirirase á persoa interesada que subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo de 10 días, con indicación de que se non o fixese, entenderase desistida da súa petición.

## RECURSOS

As resolucións que se dicten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente un recurso de reposición ante o mesmo órgano que as dictou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da relación de beneficiarios/as, de acordo con disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación de beneficiarios/as, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.